

Teatro reunido

Na colección “Literaria” da Editorial Galaxia temos acceso ao, que agardamos sexa, o primeiro teatro reunido de María Xosé Queizán: unha traxedia, *Antígona*, un drama, *A cartuxeira*, e unha comedia, *Neuras*. Queizán, consolidada narradora, introdutora nos círculos literarios galegos, ao seu regreso dunha non curta estancia nun París adobido de existencialismo, daquelas primeiras novelas do “nouveu roman”, que tanto lle ían gustar aos seus camaradas de oficio, ensaísta controvertida, renovadora do discurso poético dos noventa é agora a autora teatral aínda inédita nos escenarios. Co título de *Antígona ou a forza do sangue*, (Edición Xerais, 1989), publicouse esta Antígona galega que fora finalista do Premio de Teatro Álvaro Cunqueiro, a dramaturga non reescribe a traxedia e o acurtamento do título obedece ao feito de que para a autora, “a irmandade de sangue” carece de importancia fronte á “irman-

Inéditos nos escenarios

 MARGA ROMERO



dade ideolóxica”, que simbolizan Elvira-Antígona e o seu irmán-amante, o Conde Don Fruela. A

Antígona de Queizán, situada na Idade Media, é nacionalista, feminista, renega do papel destinado a ela como muller e fai pública a súa disidencia cando percorre Galiza e congrega á nobreza para soterrar o seu irmán como heroe. Léganos esta peza o mito clásico feminino desde a óptica do feminismo para crear un personaxe que rei-

vindica a independencia, unha heroína, con tanta relevancia como pode ter o Mariscal. *A cartuxeira*, inédita até agora, foi a primeira peza escrita. A acción lévanos ao Vigo dos anos setenta do século pasado: Lola, a botadora de cartas, castigada pola vida e fechada no labirinto da súa obsesión maternal, oponse á vitalidade e liberdade de Susana, a pesca. Magníficos son os diferentes rexistros lingüísticos que van enredando o drama. Un remate inesperado e quizais un tanto precipitado. *Neuras* é unha comedia das que se precisan para representar, con moito humor e intelixencia, a autora fai que as obsesións de María, David e Eva se descubran perante a psicóloga Sara. A sexualidade está no fondo destas perturbacións coas que convivimos na actualidade: bulimia, inhibición sexual ou os prexuízos de xénero. Repetimos: María Xosé Queizán, unha autora aínda inédita nos escenarios.

QUEIZÁN, María Xosé,
Antígona. A cartuxeira. Neuras, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 209 páxinas.